



CAMPO DE VOLUNTARIADO "LUCES DE BOIMORTO"

(BOIMORTO - A CORUÑA)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
21/08-01/09/2025	18-30	Internacional	Festival	15



LOCALIZACIÓN

O concello de Boimorto está localizado no sueste da provincia da Coruña. Sitúase no centro do triángulo imaxinario que forman as tres grandes cidades do norte de Galicia: Santiago de Compostela, A Coruña e Lugo. É tamén lugar de paso do Camiño Norte de Santiago.

DESCRIPCIÓN DO CAMPO

As actuacións consistirán en colaborar na organización do **Festival da Luz**, que se vén desenvolvendo en Boimorto dende o ano 2012 con fins solidarios, tanto nos días previos como durante o propio festival, permitindo que o voluntariado poida desfrutar da experiencia única de vivir un festival de música desde dentro a través de distintas accións de voluntariado como:




- Axudar na organización os días previos ao festival.
- Colaborar na montaxe e distribución das distintas zonas do recinto no que se celebra.
- Participar nos distintos labores levados a cabo no transcurso do festival, entre eles, repartición de pulseiras, acomodación, atención ao público nos postos de información, colaboración no recinto infantil...

- Levar a cabo distintas actividades de información e dinamización deseñadas e propostas polos propios voluntarios/as.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Misión imposible: xogo de descuberta sobre o concello de Boimorto.
- Batalla de arqueiros: xogo de enfrontamento entre dous equipos de arqueiros con frechas con gomaespuma.
- Láser tag.
- Obradoiro de cultivo de shiitake en troncos.
- Foliada de despedida.
- Visitas e excursións:
 - Praia fluvial de Ponte do Castro.
 - Ruta dos Muíños.
 - Ruta dos Megalitos de Toques e Montes do Bocelo.
 - A Coruña e Santiago de Compostela.

NOTA: estas actividades complementarias son orientativas e están suxeitas ás modificacións derivadas do propio desenvolvemento do campo de voluntariado.



ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

Casa de Bello. Albergue xuvenil Garatuxa. Lugar Fontorto, 13. Parroquia de Boado. Mesía.



INCORPORACIÓN, PUNTO DE ENCONTRO

O primeiro día de campamento, a partir das 16:00 h. no Concello de Boimorto. Rúa Vilanova, 1, 15816 Boimorto (A Coruña).

<https://avada.gal/Albergue-Xuvenil-Garatuxa/gl/>

COMO CHEGAR

Desde Santiago de Compostela ou desde Lugo (con transbordo en Arzúa) www.monbus.es realiza o servizo de transporte por estrada ata Boimorto.

Dende A Coruña, con www.arriva.gal chégase ata Vilasantar, pero dende alí a única forma de chegar a Boimorto é en taxi.

COTA

CENTO DEZ (110 €) euros. As persoas posuidoras do Carné xove, título de familia numerosa, familia acolledora ou familia monoparental: OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (82,50 €).

DEVOLUCIÓN DA COTA

Circunstancias que dan dereito á devolución da cota:

a) Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.

b) Ingreso hospitalario ou causa médica grave que afecte á persoa interesada e lle impida incorporarse ao campo. Deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresada.

c) Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.

d) Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra b), sempre e cando non transcorrese máis do 50 % dos días de duración do campo.

EQUIPO ACONSELLABLE

- Útiles de aseo (neceser completo) e toalla de ducha. Saco de durmir, esteira e mochila para rutas.
- Calzado cómodo para montaña e calzado deportivo
- Roupas: de deporte (suadoiros...), de baño (traxe de baño, toalla, chancletas...), de abrigo (roupa idónea para poder realizar o traballo no caso de choiva ou frío), de traballo (luvas, gorro).

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes disporán dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude:
camposdevoluntariado.xuventude@xunta.gal

INFORMACIÓN ADICIONAL

xuventude.xunta.es Portal da Dirección Xeral de Xuventude de Galicia con toda a información sobre campos, ocio e tempo libre, actividades, formación...

@xuventudegalicia Redes sociais da Dirección Xeral de Xuventude.

